



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO

DESISTENCIA DOS PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DUN XEFE, DUN PEÓN-CONDUTOR E DE TRES PEÓNS DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS (CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE CAMARIÑAS).

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 22 DE OUTUBRO DE 2019.

A Alcaldía ditou no día de hoxe, 22 de outubro de 2019, o decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: DESISTENCIA DOS PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DUN XEFE, DUN PEÓN-CONDUTOR E DE TRES PEÓNS DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS (CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE CAMARIÑAS)

EXPEDIENTE: 2019/E001/000010, 2019/E001/000011, 2019/E001/000012 E 2019/G003/000572

Por Decreto 404/2019, de data 29 de xullo de 2019, se aprobaron as bases para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun xefe, dun peón condutor e de tres peóns da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Camariñas, brigada que se crea ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Camariñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa e se procedeu á convocatoria das correspondentes probas selectivas.

Iniciadas estas probas se dan unha serie de incidencias que dificultan/impiden que se poda conformar a brigada coa composición esixida polo Convenio de colaboración suscrito, solicitándose, con data 26 de agosto, á administración competente a ampliación do prazo de inicio da actividade polo tempo necesario para concluír o/os novos/s procedemento/s de selección do persoal que resultaba/n preciso/s.

Non recibíndose contestación se reitera a solicitude con data 11 de setembro sen que de novo se reciba resposta. Así, con data 29 de setembro, se comunica, á Consellería do Medio Rural, ante a falta de resposta ás peticións realizadas por esta Administración e vistos os prazos establecidos no convenio, que non se procederá á contratación dos membros da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Visto que nas bases reguladoras dos procedementos de selección se establecía:

1º.- *“É obxecto da presente convocatoria a regulación da contratación mediante concurso-oposición do xefe /dun peón condutor/ tres peóns da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Camariñas, brigada que se crea ao abeiro do “Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Camariñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020”*

2º.- *“Dada a peculiaridade da presente contratación, que como xa se dixo trae causa nun convenio de colaboración no que se esixe a creación dunha brigada cunha serie de características (5 membros, unha determinada composición: xefe de brigada, peón condutor e tres peóns...), fai necesario condicionar a formalización do contrato de traballo a que a brigada se constitúa e /ou poda constituír coas características esixidas.*

Visto, en conclusión, que resultou imposible para o Concello de Camariñas dar cumprimento, en prazo e por causas alleas a súa actuación, ás obrigas que asumiu coa

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

sinatura do convenio, en concreto á creación dunha brigada composta por un xefe de brigada, un peón-condutor e tres peóns é polo que carece de virtualidade seguir adiante cos citados procedemento de selección os cales están vinculados/condicionados ao citado convenio.

Visto que o art. 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que administración poderá desistir dos procedementos iniciados de oficio, é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ACORDO:

Primeiro: Declarar a desistencia dos procedementos de selección dun xefe, dun peón-condutor e de tres peóns da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Camariñas, brigada que se crearía ao abeiro do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Camariñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa e en consecuencia deixar sen efecto as bases que rexen os mesmos, declarar terminados os procedementos e proceder ao seu arquivo.

Segundo: Proceder á notificación do presente mediante a publicación nos mesmos medios nos que foi publicada a convocatoria, isto é no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Camariñas (a título meramente informativo).

Terceiro: Indicar que este acordo, que pon fin a vía administrativa, podéndose interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía. O prazo para interpoñer o recurso de reposición será dun mes, contando desde o seguinte á notificación/publicación do presente acordo, non podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición ou se teña producida a súa desestimación por silencio.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contenciosa-administrativa.

Contra a resolución expresa do recurso potestativo de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte a aquel en que se notifique a resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses desde que se entenda desestimado por silencio administrativo, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O recurso contencioso-administrativo pode interpoñerse directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente no prazo de dous meses contados desde o día seguinte o da notificación do presente acordo.

Os prazos fixados por meses concluirán o mesmo día no que se produxo a notificación ou o silencio administrativo.

Así mesmo poderase utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública".

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa D^a Sandra Insua Rial.